Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 1. MARZO DE 2017

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadabía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*





PERSOEIROS

AS INVESTIGACIÓNS ARREDOR DO POETA MONTERROSINO CONTINÚAN ACHEGANDO NOVOS DATOS SOBRE A SÚA VIDA E TRABALLO, AÍNDA QUE AS POSIBILIDADES DE ATOPAR NOVAS OBRAS REDÚCENSE. VELAQUÍ, CON TODO, O ACHADO DUNHA COMPOSICIÓN CASE DESCOÑECIDA

UN POEMA ESQUECIDO DE LORENZO VARELA

/ JOSÉ ÁNGEL GARCÍA LÓPEZ

No ano 2016 conmemoramos de novo o legado intelectual de Lorenzo Varela, nesta ocasión co gallo do centenario do seu nacemento. Un legado expresado a través de múltiples facetas polas que este fillo ilustre de Monterroso merece ser lembrado: fundamentalmente como creador literario, pero tamén polas súas contribucións como ensaísta, crítico de literatura ou de arte plástica en moitas publicacións periódicas. Aínda que non nos ocuparemos neste artigo dos labores levados a cabo por Varela noutros campos á marxe da súa escrita poética, debemos facer constar as meritísimas contribucións feitas ao longo dos anos por estudosos como o profesor Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, José Ramón López, Rosa Aneiros ou María Antonia Pérez Rodríguez arredor desoutras facetas.

Falarmos hoxe da investigación literaria sobre Lorenzo Varela é ante todo, render tributo a aquelas persoas que se esforzaron en localizar, estudar e divulgar as calidades do corpus elaborado polo dito escritor. Nas páxinas de *Elegías españolas*[1], *Torres de amor*[2], *Catro poemas pra catro grabados*[3] e *Lonxe*[4] observamos os froitos líricos de Lorenzo Varela, conxunto ao que habería que engadir medio cento de poemas compostos ao longo de case catro décadas de exilio que ficaron á marxe dos libros citados. Tras o pasamento do poeta, asistimos a unha serie de iniciativas que pularon, aos poucos, polo merecido recoñecemento do corpus literario de Varela. Os seus coetáneos e outros devotos posteriores asumiron o propósito de editar a súa obra poética na Terra, extremo que se concretou de xeito temperán coa aparición en 1979 de dous volumes baixo o selo de Ediciós do Castro: *Poesía* e *Homaxes*, a cargo de Rafael Dieste e de Luís Seoane, respectivamente. A partir de entón, houbo varias iniciativas enfocadas cara á difusión da figura e da lírica de Varela. En 1988, coincidindo co décimo cabodano do escritor, Ediciós do Castro e mais o Concello de Monterroso acordaron tirar do prelo unha escolma poética ao coidado do profesor Xesús Alonso Montero[5]. Alonso Montero foi tamén o responsable da edición plurilingüe *Ofrenda a los franceses (en 14 linguas)*[6] e doutras publicacións subsecuentes auspiciadas pola editorial

Xerais e mais o Concello de Monterroso, sempre pródigo neste tipo de iniciativas culturais. A obra poética galega de Lorenzo Varela foi reunida case na súa totalidade na colectánea *Poesía galega* baixo a supervisión de Xosé Carlos López Bernárdez[7]. Posteriormente, Xosé Luís Axeitos asumiu no ano 2000 o papel de editor do volume *Poesía completa*[8], que constitúe a compilación de referencia para a lectura da produción lírica bilingüe de Varela coñecida ata esa data, a carón doutras edicións conmemorativas como o facsímile do volume *Catro poemas galegos*[9] ou a do poemario *Lonxe*.[10] Obviamente, a designación de Lorenzo Varela como protagonista do Día das Letras Galegas na edición do 2005 propiciou a aparición dunha serie de antoloxías menores e outras publicacións puntuais como o número 366 do boletín da Real Academia Galega, que contribuíron en boa medida á difusión do estro literario do noso autor entre o público lector, pero tamén á exhumación dalgunhas composicións poéticas esquecidas por Ferreiro Fente ou por Fernando Salgado.

A obra lírica de Lorenzo Varela é, en moitos sentidos, un produto literario moi vinculado ao momento da súa creación, ben a sucesos significativos para a sociedade, ben a vivencias biográficas particulares. Así as cousas, cómpre sinalar a conveniencia, ou acaso a necesidade, de non rexeitarmos ningún tipo de información que puidese tirar alguna luz arredor do proceso de creación dalgúns poemas de Varela. Loxicamente, acontecementos históricos como a guerra civil española, co exilio respublicano conseguinte, marcaron profundamente a Varela como poeta, quen se amosa como un escritor comprometido coa realidade do seu tempo. Mais é necesario non confundir totalmente a militancia política coa meditación existencial do poeta, pois esta última transcende calquera tipo de ideoloxía. É necesario tomar en consideración todas as circunstancias que rodean a vida do escritor e do cidadán Lorenzo Varela: o medio social, o credo político, as influencias literarias e mesmo as vivencias biográficas. Contemplar a poesía de Varela como reflexo dunha parte da súa biografía ofrece unha perspectiva complementaria para o estudo dos textos literarios por parte dos investigadores. Neste sentido,

[1] Varela, Lorenzo (1940): *Elegías españolas*, Ediciones Guerra Literaria, México.

[2] Varela, Lorenzo (1942): *Torres de amor*, Nova, Buenos Aires.

[3] No álbum de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medioevales* (Buenos Aires, Resol, 1944) e reeditados con posterioridade no volume *Catro poemas galegos* (Buenos Aires, Editorial Argentina de Música, 1951).

[4] Varela, Lorenzo (1954): *Lonxe*, Botella al Mar, Buenos Aires.

[5] *Dez poemas* (1988), edición non venal de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1998.

[6] *Ofrenda a los franceses (en 14 linguas)* (1999), edición e limiar de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

[7] Varela, Lorenzo (1990): *Poesía galega*, edición, estudo e notas de Xosé Carlos López Bernárdez, Xerais, Vigo.

[8] Varela, Lorenzo (2000): *Poesía completa*, edición, prólogo e notas de Xosé Luís Axeitos, Ediciós do Castro, Sada.

[9] Varela, Lorenzo (2004): *Catro poemas galegos,* limiar de Xosé Luís Axeitos, Ediciós do Castro, Sada.

[10] Varela, Lorenzo (2005): *Lonxe*, limiar de Xesús Alonso Montero, SECC-Ediciós do Castro, Sada.

o exemplo máis axeitado é o de Fernando Salgado, quen achegou nos seus moi documentados traballos arredor da vida de Varela informacións fondamente relevantes respecto de musas de carne e óso como Julita Álvarez ou Estela Canto. Á parte da análise literaria, convén tomar en consideración os testemuños ofrecidos por aqueles que trataron o noso autor en vida, pois son unha fonte de información directa ou indirecta con outra premisa da investigación literaria: a orixe e, en determinados casos, a existencia de determinados froitos da pluma de Varela que non forman parte do corpus recollido polos editores anteriormente referidos.

Ramón Piñeiro, denominado *irmán da miña mocidade* polo noso autor nunha das súas composicións máis coñecidas, «Eramos tres irmáns», deu fe no seu momento da recepción dunha carta escrita por Varela por volta do ano 1934 onde figuraban «dous ou tres poemas».[11] Ende mal, non chegaron ata nós eses textos, como tampouco o fixeron outras composicións que Varela remitiu durante esa época a Arturo Cuadrado coa finalidade de que fose valorada a súa posible inclusión nas páxinas da revista compostelá *Resol*, segundo inferimos das declaracións que deste último intelectual recolleu oportunamente Fernando Salgado.[12] Aínda poderiamos achegar outro testemuño, o de Luís Seoane, quen tamén acredita a existencia deses orixinais de Varela en Santiago de Compostela.[13]

Á marxe da actividade que Varela desenvolve nas Misións Pedagóxicas ou das súas colaboracións na revista *P.A.N.* e no xornal *El Sol*, Varela elaborou entre 1934 e 1936 diversas experiencias literarias que, lamentablemente, só coñecemos a través de testemuños proporcionados polas amizades do noso autor. Antonio Sánchez Barbudo, a quen Varela trata en Madrid durante esta etapa da súa vida, achega datos moi valiosos sobre o contido da creación lírica de Varela en Madrid con anterioridade á Guerra Civil:

> Siempre admiré su pasión, su humor y su talento. Recordaba yo a menudo el día en que siendo él muy joven [...] le conocí cuando estaba escribiendo poemas sobre la mesa de un café[14]. Conocí a Varela en Madrid en 1934 [...]. Hablábamos de muchas otras cosas, y me leía a veces

algunos poemas suyos. Eran, según recuerdo, poemas de estallante alegría, dionisíacos diríamos, en los que se refería a romerías, danzas, campos y campesinos de Galicia[15].

En relación coa temática anteriormente sinalada por Sánchez Barbudo, Varela aínda deu forma a outros textos dos que temos noticia mediante unha carta aberta que Eduardo Dieste, baixo o pseudónimo de *Dr. Sintax*, incluíu nas páxinas de *P.A.N.* en abril de 1935, da cal reproducimos a continuación o seguinte treito:

> Querido poeta: Me parece un fresco plan de primer libro el que me anuncias titulado *Diario de un fauno*, y del que me ofreces las primicias, versos que parecen haber sido escindidos en las hayas y en la roca por un espíritu en estupor de su encarnación joven y de los milagros de la existencia múltiple que lo asedian deliciosa y dolorosamente.

Malia que o inicio da Guerra Civil evitase en primeira instancia que o seu xenio creador se vise plasmado en libro, serían revistas como *El Mono Azul* e *Hora de España*, ou volumes colectivos como *Poetas en la España leal*, os medios que difundisen as primeiras composicións que conservamos do noso escritor, as cales foron convenientemente analizadas por estudosos como Gregorio Ferreiro Fente,[16] Claudio Rodríguez Fer[17] ou María Xesús Lama López[18]. Tampouco convén esquecer que, á marxe das súas colaboracións mencionadas, semella que Varela proxectou dar ao prelo un poemario da súa autoría, *La comunión de los hombres*, amais dun estudo sobre Tirso de Molina e o seu tempo encargado pola editorial Aguirre de Madrid. Esas información constan no informe que o editor Rafael Giménez Siles redactou en terras mexicanas no ano 1940 para convencer os socios capitalistas de EDIAPSA da viabilidade da revista *Romance*.[19]

[11] Piñeiro, Ramón, «Para colabourar nunha idea atinada», Cadernos Ateneo Ferrolán, II, Nadal de 1983, p. 80.

[12] Salgado, Fernando, «Lorenzo Varela en Lugo (e II)», El Progreso, p. 8. Vid. tamén Salgado, Fernando (2005): Monterroso e *Lugo, as raíces de Lorenzo Varela,* páx. 39, Tris-Tram, Lugo.

[13] Seoane, Luís (1953): *Libro de tapas*, Botella al Mar, Buenos Aires.

[14] Sánchez Barbudo, Antonio, «Introducción» á edición facsimilar da revista *Romance*, Glashütten im Taunus / Verlag Detlev Auvermann, 1974.

[15] Sánchez Barbudo, Antonio, «Lorenzo Varela. Un español del éxodo y del llanto», en Bell-Villada, Gene H. et al. (eds.) (1987): *From Dante to García Márquez: Studies in Romance Literatures and Linguistics presented to Anson Conant Piper*, pp. 280-281, William College, Williamstown-Massachusetts.

[16] «A poesía de guerra de Lorenzo Varela», Álvarez Blanco, Rosario e Dolores Vilavedra (coords.), Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. T. II: Literatura, ob. cit., pp. 529-554.

[17] «Escritos de combate de Lorenzo Varela», Álvarez Blanco, Rosario e Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. T. II: Literatura,* ob. cit., pp. 1321-1344.

[18] «A Guerra Civil española na obra dos escritores exiliados galegos», en VV.AA., Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006, pp. 38-54, Galaxia, Vigo.

[19] «EDIAPSA. Al Comité Ejecutivo. Proposición-Informe número 4. *Romance*». Citamos pola obra de Rafael Giménez Siles *Retazos de vida*..., ed. non venal con prólogo de Enrique Montero, México, Imp. Azteca, 1984, pp. 23-24. . Porén, é una fonte dubidosa, pois o testemuño de Giménez Siles ofrece, fóra do anteriormente exposto, varios datos falsos, como por exemplo o inexistente pasado universitario de Varela en Galicia.

México foi o primeiro país que acolleu a Lorenzo Varela no seu longo exilio. Alí colaborou en varios medios de comunicación de índole moi diversa, como a mencionada *Romance*, Letras de México, o xornal sindicalista *El Popular,* o voceiro do Partido Nacional Revolucionario *El Nacional,* ou a revista literaria *Taller*. Nesta última publicación ven a luz en outubro de 1939 un conxunto de composicións en castelán agrupadas baixo a epígrafe xeral de «El héroe (Fragmento)». Entre elas, figura o poema «Silencio y llanto de España invadida», feito que nos fai pensar que a referida e mailo resto das susoditas composicións formarían parte do proxecto literario *Silencio y llanto de España*, do que temos noticia a través do mesmo informe de Giménez Siles que citamos anteriormente.[20] Mais o dito proxecto non chegou a callar. Por que abandonou Varela a idea de levar ao prelo este libro? Aínda que xamais o saberemos con certeza, sospeitamos que a renuncia de Varela estivo relacionada coa situación económica da entidade que ía sufragar os gastos derivados da edición do poemario. Sobre este particular, cómpre sinalar que os bens da *Junta de Cultura Española* estaban practicamente esgotados en agosto de 1940,[21] polo que este organismo non sería quen de enfrontar a publicación de *Silencio*... mesmo que fose esa a intención de Varela. Tampouco o noso autor estaba en condicións de pagar do seu propio peto o importe que supoñía dar ao prelo o volume, por moi cativo que aquel fose. A este respecto, é necesario destacar que, segundo constatou Luís Seoane, a edición do opúsculo de Varela *Elegías españolas* tivo que ser financiada conxuntamente por Pablo Neruda, José Bergamín e León Felipe.[22] O propio Seoane ofrece unha información valiosísima tocante a outro libro de poemas de Varela en lingua castelá concibido nesa mesma década en Buenos Aires, o cal, lamentablemente, tampouco vería a luz:

> Lorenzo Varela rachóu gran parte do que fixo i entre os traballos que rachóu lémbrome dun gran libro que se tidoaba *Sonetos del ruiseñor*, ou con un tídoo parecido, que eran continuación do poema «Del ruiseñor» de *Torres de amor*. Leéume unha tarde algúns dos poemas e rachounos semáns despóis[23].

Por norte da conmoración do Día das Letras Galegas de 2005, nós rescatamos un poema publicado no número conmemorativo do Día de Galicia de 1945 da revista *Galicia*, voceiro do Centro Galego de Buenos Aires. O dito poema, titulado «A la piedra del Pórtico de la Gloria», é un texto de notable entidade lírica que revela unha faceta inusitada no conxunto da produción literaria de Varela: o tratamento da temática xacobea[24]. Mercé ao testemuño de Isaac Díaz Pardo, hoxe sabemos que a mencionada temática constituía un material poético de interese para Varela, quen mesmo confesou ao citado intelectual galego o título dun proxecto que, finalmente, non chegaría a converterse en libro: «Con dificultade, e a condición de non decilo, puden sacarlle que estaba preparando outro libro de poemas *A barca de pedra* que deica a súa morte, a creelo, seguía téndoa no tear. Dende entón [1955] vímonos con relativa frecuencia, mais todo o que sei da súa vida e da súa obra tiven que o ir aprendendo por outros medios»[25]. Idéntica sorte correría o volume *Homenaje al Maestro Mateo*, do que formaría parte «A la piedra del Pórtico de la Gloria», composto o mesmo ano da súa publicación segundo a data que figura ao pé da composición.

Polo que fai ás derradeiras década da vida de Varela, debemos apuntar que un texto autobiográfico inédito datado en 1972 e exhumado polo investigador Ferreiro Fente no ano 2003[26] menciona un novo proxecto lírico de Varela titulado *In memoriam*, un homenaxe ao escritor Aquilino Iglesia Alvariño. Así figura tamén xunto coa referencia a outro libro en preparación, que levaría por título *Torres* (sic) *de homenaje* no «Limiar» que Seoane elaborou para a colectánea *Homaxes*[27]. Segundo nos

[20] «EDIAPSA. Al Comité Ejecutivo. Proposición-Informe número 4. *Romance*», ob. cit., p. 24.

[21] «Las disputas personales en el seno de la asociación entre José Bergamín y Juan Larrea (Presidente y Secretario de la *Junta de Cultura Española*), los dos principales directores de la revista, hicieron casi imposible el funcionamiento de la Junta, y los fondos se agotaron rapidamente [...]. El fracaso de la Junta de Cultura, provocado por la incapacidad de sus fundadores para trabajar juntos con un sentido, fue el primero de varios fracasos de la élite cultural española» (Fagen, Patricia W. (1975): *Transterrados y ciudadanos*, páx. 86, Fondo de Cultura Económica, México).

[22] Seoane, Luís, «Lorenzo Varela», *La Voz de Galicia*, 12-III-1972. Citamos por Seoane, Luís, Figuracións, edición de Santiago Rey Fernández-Latorre, La Coruña, La Voz de Galicia, 1994, p. 94.

[23] Seoane, Luís, «Lorenzo Varela», *Figuracións*, edición de Santiago Rey Fernández-Latorre, La Coruña, La Voz de Galicia, 1994, p. 234.

[24] Sobre esta e algunha outra colaboración asinada por Varela verbo da citada temática, vid. García López, Xosé Anxo, «Lorenzo Varela e o tema xacobeo», *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, 111, xaneiro-febreiro de 1999, pp. 43-44.

[25] Díaz Pardo, Isaac, "Notas e testemuñas pra a biografía de Lorenzo Varela", El Progreso, 19-XII-1978, pp. 14-15.

[26] Ferreiro Fente, Xosé Gregorio (ed.), Homenaxe. Sesenta e seis escritores..., ob. cit., p. 202.

[27] «Fai poucos anos anunciou dous libros de poemas en preparación que non chegou a publicar: *Torres de homenaje* e *In Memorian* [sic], éste en homaxe a Aquilino Iglesia Alvariño (Varela, Lorenzo, Homaxes, ob. cit., p. 15).

informa unha nota na lapela do «Homenaje a Picasso», un longo poema publicado como opúsculo en 1963 xunto cuns gravados do pintor Osvaldo Romberg,[28] este formaba parte do libro en preparación *Torre de Homenaje*, que identificamos indubidablemente co proxecto anotado por Seoane e que, infelizmente, tampouco non chegou a concretarse.

Tocante ao libro *In memoriam*, no ano 2007 fomos quen de localizar un poema titulado precisamente «Aquilino Iglesia Alvariño (In Memoriam)», o cal asociamos indiscutiblemente co libro aludido por Varela en 1972. Esta composición viu a luz no suplemento *Villagarcía de Arosa. Patrocinado por la So-c*[iedad] *Villagarcía de Arosa en su 38 aniversario*, publicado nas páxinas centrais do xornal *Galicia* da Federación de Sociedades Galegas en xullo de 1971.

Por que non chegou a rematar Varela ningún dos proxectos citados? Coidamos que as difíciles circunstancias biográficas e o destacado afán perfeccionista do noso autor poderían explicar este extremo, pero tamén é necesario sinalar a marxinación da súa figura e mais o descoñecemento que da súa obra tiñan os círculos intelectuais e literarios do noso país. A Guerra Civil e o exilio constituíron unha paréntese de catro décadas de separación. Lorenzo Varela retornaría en marzo de 1976 a España, onde houbo persoas que o acolleron con ledicia (Seoane, Dieste, Díaz Pardo, Alonso Montero[29]...), mais tamén atopou un muro de silencio e desilusión. Varela sentíase na España posfranquista un estraño, illado e descontento. Igual que lle acontecera a moitos outros intelectuais que retornaran tras a amnistía política, o noso autor non atopaba o seu lugar na sociedade española logo dunha ausencia tan prolongada. No caso particular de Varela, a dita alienación resultaba extrema, evitando incluso calquera promoción da súa produción literaria. Pouco antes de regresar a España, Lorenzo tivera a oportunidade de ver reeditada a súa obra lírica en lingua galega, tal como relata Seoane.[30]

Díaz Pardo subliñou o seguinte respecto do desleixo de Varela pola divulgación da súa obra: «Nos derradeiros tempos Lorenzo escapaba de falar cos amigos de toda realidade posible e non houbo posibilidade de que aceptase publicar cousa

algunha.»[31] Sobre este particular, contamos co autorizado e xeneroso testemuño do profesor Alonso Montero, quen nos comunicou durante as xornadas do *Congreso Lorenzo Varela* (Monterroso, 28–30 de abril de 2005) que a mencionada proposición fora iniciativa súa en calidade de director das coleccións Arealonga e Arealonguiña da editorial Akal. Así mesmo, Fernando Salgado, presente tamén no Congreso, corroborou a dita iniciativa no tempo e na forma sinalados. A decisión sería postergada por Varela *sine die*. A teor dalgunhas declaracións recollidas por César Antonio Molina, coidamos que unha das razóns do teimudo silencio (que non mutismo) de Varela era que quería evitar ter que dar explicacións sobre o seu credo político ou a súa evolución no persoal e no literario[32]. Ende mal, a saúde traizoou finalmente o poeta, de xeito que Varela trasladou a súa residencia a un hotel de Madrid. O desenlace chegou axiña; o 25 de novembro de 1978 Varela finaba vítima dun infarto na ambulancia que o conducía a un centro de saúde.

Por último, cabería prestar atención ás posibles versións existentes e aínda non consignadas dalgúns poemas que, por mor do seu estado embrionario, poderían presentar variacións máis ou menos significativas respecto dos textos incluídos en calquera dos volumes de Lorenzo Varela que foron dados ao prelo. Neste sentido, no 2014 nós fomos quen de rescatar do esquecemento unha versión do poema «Cantiga nova que se chama martirio» publicada en 1970 [*Galicia. Federación de Sociedades Gallegas*, 1388, setembro de 1970, p. 12], o cal tradicionalmente era considerado inédito por mor da información ofrecida ao respecto por Luís Seoane (*Homaxes*, ob. cit., p. 97).

[28] Varela, Lorenzo (1963): *Homenaje a Picasso*, Editorial Buril, Buenos Aires. Hoxe sabemos que este texto foi composto por volta do octoxésimo aniversario do pintor, en 1961, e que antes de ser publicado na edición numerada de cen exemplares que coñecemos, foi lido por Varela na 'Sociedad Argentina de Artistas Plásticos' ([Seoane, Luís] (1966): «Picasso, Dominguín y los toros en Galicia», *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* 548, p. 14).

[29] A referencia do profesor Alonso Montero citada por tódalas persoas que ata a data se ocuparon deste episodio da biografía de Varela é o artigo «El poeta gallego Lorenzo Varela retorna del exilio» (*Triunfo*, 763, 10-IX-1977, pp. 50-51). O dito artigo foi reproducido polo *Faro de Vigo* (26-XI-1978, p. 3) e recompilado no volume Política e cultura en Galicia, 1977, Lugo, Celta, 1978, pp. 127-132. Agora ben, convén sinalar que Alonso Montero saudara a presenza de Varela no chan patrio o mesmo ano da súa volta (Alonso Montero, Xesús, «La literatura gallega», en VV.AA., *El año literario español* 1976, Madrid, Castalia, 1976, p. 139), feito incomprensiblemente ignorado ou esquecido.

[30] Seoane, Luís, «Lorenzo Varela», *La Voz de Galicia*, 25-I-1976. Citamos por Seoane, Luís, Figuracións, ob. cit., p. 460.

[31] Díaz Pardo, Isaac, «Notas e testemuñas pra a biografía de Lorenzo Varela», ob. cit., p. 14.

[32] Molina, César Antonio, «Un representante del exilio gallego. Lorenzo Varela: la muerte del regreso», *Informaciones de las Artes y las Letras*, Suplemento nº 542, 14-XII-1978, p. 6.

UN POEMA ESQUECIDO: *INFORME SOBRE POETAS*

A principios do 2009, cando estabamos a ultimar o repertorio bibliográfico sobre Lorenzo Varela que a editorial Xerais daría ao prelo, demos cunha referencia bastante escura a un texto do noso escritor por parte do crítico arxentino Rafael E. J. Iglesia:

Edward Hall se preguntaba: «¿Cuál sería el resultado si, en lugar de contemplar las imágenes del autor en cuanto convencionalismos literarios, las examináramos en cuanto sistemas muy elaborados de recordatorio, destinados a desatar los recuerdos del lector?». Sin conocer la pregunta, Lorenzo Varela aconsejó: «Escucha a tus poetas, ciudad, habla tu pecho»[33]

A pesar de manexarmos un volume de información considerable arredor do *corpus* literario e doutras publicacións de natureza ensaística ou xornalística xurdidas da pluma de Varela, non fomos quen de localizar esas palabras no conxunto de publicacións que formaron parte do noso repertorio. Conxecturamos que a cita pertencería a algún dos artigos asinados por Varela na década dos 50 do século pasado nas páxinas do periódico *La Razón* que non lograramos consultar daquela. Porén, as nosas pescudas ao respecto dilatáronse máis do desexado sen que lográsemos tirar ninguha luz sobre o asunto ata finais de novembro de 2016. Definitivamente, a cita non era parte dun artigo, senón dunha composición lírica en castelán titulada «Informe sobre poetas», a cal formaba parte dun opúsculo titulado *Informe sobre la Esperanza*. Segundo consta na contralapela, o dito opúsculo, ao coidado de Horacio Salas e Roberto J[orge] Santoro saíu do prelo dos Talleres Gráficos Zaragoza da capital arxentina o 24 de outubro de 1963. Naquela altura, Lorenzo Varela era unha persoa que inspiraba respecto e consideración nos círculos intelectuais porteños, non só polo seu matrimonio cun persoeiro dese ambiente cultural como Marika Gerstein, pois Varela viña de pechar a súa etapa como director da revista *Del Arte*, onde colaborara xunto ao seu inseparable Luís Seoane e outros críticos recoñecidos como Jorge Romero Brest, Rafael Squirru ou Hugo Parpagnoli, quen exercía en-

tón a dirección do Museo de Arte Moderno de Buenos Aires. Ao par do seu labor como crítico de arte, Varela exerce como columnista radial no programa de actualidade *Hora Once* de Radio Excelsior e colabora noutros medios escritos como a revista *Primera Plana*, amais de participar en diferentes iniciativas tamén relacionadas coa arte plástica.[34] E, non por acaso, 1963 é tamén o ano en que ve a luz o seu *Homenaje a Picasso*, que une arte e poesía.

Así e todo, a carón das empresas referidas, Varela tamén encontra inspiración e tempo antes de rematar ese mesmo ano para dar forma a outros poemas en lingua castelá como «Al escultor Luís Falcini» e «Un nardo madrileño para Ramón», dedicado ao mestre da greguería e publicado de xeito póstumo. Así pois, xulgamos que, en conxunto, 1963 foi una campaña frutífera, plena de tarefas e de acertos na biografía do noso autor. Así pois, hoxe recuperamos una contribución fondamente significativa para entender o prestixio do que gozaba Varela entre a intelectualidade arxentina da época.

O grupo literarario Barrilete (nome que recibe o papaventos na Arxentina), vinculado á revista e tamén ao selo editorial que levarían o mesmo nome, auspiciados polo intelectual Roberto Jorge Santoro, figura emblemática da súa xeración poética na literatura arxentina, publicou entre xuño de 1963 e abril de 1966 un total de seis opúsculos baixo a denominación común de *informes*. Os *informes* eran conxuntos de poemas ligados de xeito monográfico a un tema de actualidade nacional e internacional, razón polo cal se converteron en apetecibles para un público lector crítico coa realidade social e política da época. O contido e a forma das composicións que integraban os informes encadrábanse dentro da poesía cívica e non adoitaban presentar metáforas ou recursos estéticos complexos, algo explicable dada a urxencia da súa elaboración.[35]

Con todo, as entregas poéticas convertéronse nun produto viable pola aceptación masiva dun tipo

[33] Iglesia, Rafael E.J., «Dos miradas barriales: Borges, Martínez Estrada», en Barela, Liliana (dir.) (2004): *Buenos Aires. El libro del Barrio: teorías y definiciones*, páx. 125, Instituto Histórico de la Ciudad de Buenos Aires, Buenos Aires.

[34] Por exemplo, xunto a Romualdo Brughetti e outros críticos deu forma á monografía Argentina: 1962-63. Crítica de arte (Buenos Aires, Imprenta Anzilotti, 1963).

[35] Carlos Patiño, integrante do grupo, manifesta ao respecto: «Los Informes eran algo así como periodismo poético. O poesía periodística, no sé muy bien cómo definirlos; es decir, poemas pegados al suceso, hechos al vapor, de un día para otro, urgentes, de emergencia - en los dos sentidos posibles de esta palabra: asomarse y eventual - con la sola pretensión de dar testimonio, de participar desde la poesía en aquellos acontecimientos que conmovieran a nuestro pueblo. Si un hecho grave o destacado se producía, o un tema preocupaba a la opinión pública, por decirlo de alguna manera, el grupo se reunía, como cualquier redacción de cualquier diario: para el día siguiente todos deberíamos traer nuestro poema. Se leerían, como siempre, en voz alta y aquellos que la mayoría aprobara, uno o dos días más tarde -no más- estarían en la calle. No todos se aprobaban. Así eran las reglas. A casi todos los poetas del grupo les tocó alguna vez quedarse fuera» (Patiño, Carlos, «Los 'Informes' del grupo Barrilete», *Aromito. Poesía. literatura, cultura, ideas*, 13-I-2009. http://aromitorevista.blogspot.com/2009/01/los-informes-del-grupo-barrilete-por.html).

de consumidor non necesariamente culto, e mesmo foron rendibles por mor dos escasos custos de produción e polo prezo de venda mínimo, de xeito que as tiraxes dos *informes* experimentaron un incremento progresivo desde as 3.000 do primeiro informe ata as 25.000 do derradeiro. O primeiro dos *informes* (*Informe sobre Lavorante*) acolleu elexías dedicadas ao boxeador arxentino Alejandro Lavorante, falecido prematuramente no cuadrilátero. A segunda das entregas (*Informe sobre el desocupado*) denunciou a miseria que se estendía entre a clase traballadora arxentina nunha etapa politicamente convulsa. A temática do terceiro *informe*, onde colabora Lorenzo Varela co poema devandito, versaría sobre a esperanza. A carón do «Informe sobre poetas» de Varela, que actúa como limiar da publicación, figuraban colaboracións en verso asinadas por Marcos Silber («Ascensión de la esperanza»), Miguel Ángel Páez («El más simple manifiesto»), Horacio Salas «La única esperanza»), Miguel Ángel Rozzisi («Voz de tierra y hombre»), Alberto Luis Ponzo («Situación»), Martín Campos («Canción de la esperanza»), Rafael Alberto Vásquez («En días de morir o de callarse»), Ramón Plaza («Alienación») e Roberto Jorge Santoro («Canto a la esperanza»).

A elección da esperanza como motivo central da publicación ten unha motivación non explícita nos textos líricos que integran o informe, pero si defenitivamente arraizada no momento histórico que vive a Arxentina. Tras sufrir ata tres sublevacións militares durante o seu exiguo mandato, o presidente José María Guido convoca unas eleccións limitadas nas cales se proscribe o peronismo. No proceso resultou elixido Arturo Umberto Illia, candidato da Unión Cívica Radical del Pueblo (UCRP), quen toma posesión do cargo presidencial o 12 de outubro de 1963. Precedido por unha reputación honesta gañada co exercicio da medicina, o pobo arxentino albiscou no ascenso ao poder de Ilia algunha esperanza no balbordo da represión ditatorial. E, de certo, a Arxentina experimentaría aos poucos unha mellora social debido a un incremento dos investimentos en educación e a unha mínima reforma da lexislación en materia sanitaria, amais de conseguir unha certa diminución do desemprego.

Semellaba que os poetas si tiñan motivos para a esperanza e notarían os efectos referidos, mais o gobernó de Ilia tamén estaría condicionado por unha política represiva e anti-democrática contra o movemento obreiro e os afectos do peronismo. Finalmente, o presidente Illia foi derrocado por un golpe de estado o 28 de xuño de 1966 que daría paso a un capítulo máis escuro na historia do país.

Unha vez ilustrado debidamente o contexto, é tempo de presentar o texto de Varela, que ocupa as dúas primeiras páxinas do *Informe sobre la Esperanza*.

INFORME SOBRE POETAS

Buenos Aires: te vistes de garúa
para escuchar los versos, otra vez la milonga
melancólica y brava que ilumina
la oficina del miedo, el matadero
que este siglo concede a la poesía.

Milonga cuchillera que se muere
por un tango de harina que no llega.
De garúa te vistes Buenos Aires, y cubres
de bruma los tatuajes que tu piel condecoran
tu galaxia de ira, constelada, en acecho.
Tu cruz a fuego lento de varón señalado.
Tu mirada de perro, que así miran
las ciudades, dios mío, si el desprecio las viola
y abate su esplendor y las presenta
a los cuervos envueltas en carnaza.

Milonga cuchillera que se muere
por un tango de harina que no llega.
Eres tú, Buenos Aires, de almacén y palomas.
¡Ni un millón de urinarios matarán tus glicinas!
Y las vírgenes albas de tus claras auroras,
el oro de un tachito ya eterno en el potrero,
pueden más que el absurdo, la humillación, la baba
del monstruo que te crece y se ceba en tu entraña!

Aquí están, Buenos Aires, aquí están tus poetas,
talismanes que abren la puerta de la sangre
para que te defienda su luz de los abismos.
Son Luis y Martín, Miguel Ángel, las sombras
del ala de la gloria que invita a la patriada.
Son Ramón y Daniel, y Horacio y Jorge y son
Roberto, Diana, Armando, con Alberto y Esteban,
Boca y Nueva Pompeya, Palermo y Caballito...
Son tus labios, tu asombro, tu valor, Buenos Aires.
Escúchalos, ciudad, capital de los trigos,
puerto de la esperanza, sábana del amor:
por cada golpe tuyo te darán una espiga,
por cada día de hambre, sólo una bendición.
Buenos Aires, Buenos Aires, Buenos Aires,
Desde tus corralones se alza un coro de ángeles.
Sobre la bosta,
sobre el pus,
sobre el rebenque,
sobre la confianza ya podrida,
sobre el cadáver mismo de tus sueños, Buenos Aires,
hay un coro de ángeles que dicen:
Escucha a tus poetas, ciudad, habla tu pecho.

Lorenzo Varela

É evidente que Varela mantiña unha relación cordial e persoal coa maioría dos membros do grupo Barrilete, razón pola cal non é de estrañar que se refira aos colaboradores polo nome de pía. Ora ben, faise evidente que no texto hai algúns nomes que non se corresponden cos dos colaboradores do opúsculo (Jorge, Diana, Armando e Esteban) e que tamén anotamos ausencias (Miguel Ángel [Rozzisi] e Marcos Silber). Unha explicación plausible é que Varela, sen coñecer de antemán o número definitivo de autores que ían participar no *Informe sobre la Esperanza*, escribiu con algunha antelación o seu poema ao tempo que consultaba o *informe* precedente, no cal si colaboraran os ditos Jorge, Diana, Armando e Esteban. Xa que logo, cómpre identificar correcta-

mente a identidade dos aludidos no texto, tarefa que, coidamos soubemos enfrontar satisfactoriamente malia a falta de información existente verbo dalgúns deles. A seguir, ofrecemos a listaxe preceptiva xunto con algúns datos biográficos e literarios mínimos de acordo coa orde con que aparecen no texto os nomes:

- Alberto Luis Ponzo (Buenos Aires, 12/06/1916). Tras o seu paso polas aulas universitarias para estudar Odontoloxía entre 1938 e 1943, este centenario e infatigable escritor e animador cultural, promotor das revistas literarias *Vigilia* (1961–1965) e *Encuentro* (1966–1967), iniciou a súa traxectoria como poeta coa edición de *Equivalencia de la tierra* (Cuadernos de la Brújula, 1960), ao cal seguirían na mesma década *Canto en la arena* (F. Colombo, 1961), *Comarca del tiempo* (F. Colombo, 1962), *Anotaciones para mi nacimiento* (El fantasma flaco, 1963), *Canto sobre el olvido* (Colección Vigilia,1964), *Uno en el mundo* (Vigilia, 1965) e *Poemas comunes* (Ediciones Cedro Azul, 1966).

- Martín Julio Campos (Buenos Aires, 1929–1996). Dedicouse ao exercicio do xornalismo entre 1944 y 1987 na Arxentina e no estranxeiro, amais de colaborar coas editoriais porteñas Abril e Atlántida. En 1959 foi nomeado subdirector de Cultura da provincia de Buenos Aires. Polo que fai á súa produción como poeta, o seu primeiro libro, *Poemas para la infancia del hombre*, viu a luz baixo o selo editorial de Botella al Mar en 1955 cun fermoso deseño de portada a cargo de Luís Seoane. Un volume lírico posterior, *El temor y la búsqueda*, foi publicado pola editorial Stilcograf en 1960 e contou cun prólogo de Lorenzo Varela. Sabemos que Campos colaborou en diversos xornais, entre eles *La Prensa*, *La Nación* ou *La Gaceta* de Tucumán, e sospeitamos que, en agradecemento polo limiar que Varela escribiu para o seu libro de poemas, levou a cabo as xestións oportunas para que Varela publicase tamén en 1960 nas páxinas de *La Gaceta* o poema «A Carmen Dieste que una vez fue farol en Amsterdam».

- Miguel Ángel Páez (Buenos Aires, 1937– Bruselas, 09/06/2012). Apenas ten obra lírica publicada, pois tras a súa participación no *Informe sobre la Esperanza* colaborou puntualmente nas revistas literarias *Barrilete* e *Zona de la poesía americana* e publicou un único opúsculo poético titulado «La línea general» (Buenos Aires, Vigilia,1967). Casou coa poetisa Ana Fernández, vinculada tamén co grupo Barrilete.

- Ramón Plaza (Buenos Aires, 03/09/1937–09/09/1991). Membro fundador da revista *El Barrilete*, á parte de colaborar en cabeceiras como *La Gaceta* (Tucumán) ou *La Capital* (Rosario), publicou novelas e libros de poemas. Cabe destacar entre estes últimos por mor da disparidade da súa sorte o *Libro de las fogatas* (Buenos Aires, Cuadernos del Alfarero,1963), premiado polo *Fondo Nacional de las Artes* con 37.000 dólares, e *Jardín de adultos* (Buenos Aires, Editorial Sudestada, 1969), cuxa edición apareceu censurada e mesmo foi secuestrada pola policía. Exiliado posteriormente en terras ecuatorianas, onde traballou para varias axencias de publicidade, non regresou á Arxentina ata 1986.

- Daniel Barros (Olivos, Buenos Aires, 1933). Poeta e ensaísta, duante a década dos 60 do século pasado publicou un número respectable de volumes líricos: *Voluntad de la palabra* (Buenos Aires, Ediciones ANCU, 1962), *Lo que falta agregar* (s.l., Ediciones del Mediodía, 1962), *Mujer en la calle* (Buenos Aires, Ediciones ANCU, 1963), *Los días mandan* (Buenos Aires, Tall. Graf. «La Estrella», 1964), *Cross a la conciencia* (Buenos Aires, Editorial Cero,1965) e *Ciento ochenta grados* (Buenos Aires, Ediciones ANCU, 1967).

- Horacio Salas (Buenos Aires, 13/08/1938). Fóra das súas contribucións como xornalista e historiador, este prolífico escritor publicou na mesma década en que apareceron os *informes* os seguintes títulos poéticos: *El tiempo insuficiente* (Buenos Aires, Cuadernos del Siroco,

1962), *La soledad en pedazos* (Buenos Aires, Editorial Barrilete, 1964), *Memoria del tiempo* (Editorial Losada, Buenos Aires, 1966), *El caudillo* (Buenos Aires, Editorial Pleamar, 1966) e *La corrupción* (Buenos Aires, Editorial Américalee, 1969).

- Jorge Eduardo Fuentes (Buenos Aires, *¿?*). Colaborador dos dous primeiros *informes*, non fomos quen de localizar outros datos agás que publicou en 1963 un único poemario titulado *La sigla Eme* (Buenos Aires, Nueva Expresión). En calquera caso, debemos facer constar as nosas reticencias a esta identificación posible, posto que que talvez Varela non se referise a este escritor no seu poema, senón a Diego Jorge Mare (Buenos Aires, 1942). Dedicado profesionalmente á impresión, existen poucas achegas poéticas da súa autoría, pois á marxe da súa participación nas iniciativas do grupo Barrilete (incluído o cuarto dos *informes*, aparecido en 1964), nesa altura tan só colaborou fugazmente na revista literaria *Cero* e publicou dous libros de versos: *Al hombre en su mirada* (Buenos Aires, Ediciones del Tiempo, 1963) e *A todo pájaro* (1965). Xa no século XXI, deu a coñecer unha colección de letras de tangos baixo o título de *Bardaje de Buenos Aires: letras lunfardas* (Buenos Aires, Marcelo H. Olivieri Editor, 2003).

- Roberto Jorge Santoro (Buenos Aires, 17/04/1939–???). Fundador da revista literaria e tamén do selo editorial *El Barrilete*, amais doutros proxectos posteriores como *Gente de Buenos Aires* e *Papeles de Buenos Aires*. Durante a etapa en que foron publicados os informes deu a coñecer varios volumes líricos: *Oficio desesperado* (Ediciones Cuadernos del Alfarero, 1962), *De tango y lo demás* (Editorial Barrilete, 1962), *El último tranvía* (Editorial Barrilete, 1963), *Nacimiento en la tierra* (Ediciones Cuadernos Australes, 1963), *Pedradas con mi patria* (Editorial Barrilete, 1964) e *De tango y lo demás* (Editorial Barrilete, 1964). Santoro foi secuestrado o un de xuño de 1977 no seu centro de traballo e ninguén volveu saber del

ata a data. Unha praza na cidade de Buenos Aires leva o seu nome como simbólico tributo pola súa contribución intelectual á cultura arxentina.

- Diana Piazzola (Buenos Aires, ¿?–¿?–1943–03/07/2009). Filla do famoso músico Astor Piazzolla, en 1964 ve a luz o seu libro de poemas *Yo y este siglo* (Buenos Aires, Talleres Gráficos Rado), aínda que a súa contribución á literatura foi feita fundamentalmente como prosista. Por mor da súa militancia sindical foi despedida da empresa YPF e, posteriormente, exiliouse en México durante dez anos. Tras o seu regreso á Arxentina publicou tres novelas, unha delas acerca do seu proxenitor (*Astor*, Buenos Aires, Emecé, 1986).

- Armando Antonio Piratte (19/04/1940, Buenos Aires–15/02/1998, Madrid). Apenas encontramos información verbo da biografía deste autor, quen non chegou a consolidar unha carreira literaria ao optar polo xornalismo e a publicidade como ocupacións profesionais. Con todo, sabemos que en 1966 colaborou brevemente, igual que Lorenzo Varela, na curta andaina da revista porteña *Información literaria. Letras, artes, cine, teatro, humor, libros*.

- Rafael Alberto Vásquez (Buenos Aires, 11/10/1930) Tras abandonar a carreira de Dereito a prol da súa vocación literaria, entra en contacto con Roberto jorge Santoro e Horacio Salas, xunto aos cales forma parte do consello de redacción da revista *El Barrilete*. En 1966 formou parte do equipo que conduciu *La Voz de la SADE* (Sociedade Arxentina de Escritores) na emisora Radio Municipal da capital arxentina.As súas achegas poéticas con forma de libro durante esa etapa son as seguintes: *La verdad al viento* (1962), *Apuesta diaria* (1964), *La vida y los fantasmas* (1968). Igualmente, participou na gravación do disco *Buenos Aires vuelta y vuelta* (1966), con poemas lidos por varios autores e con acompañamento musical.

- Esteban Peicovich (Zárate, Buenos Aires, 22/12/1929). Vinculado ao cadro de persoal do semanario *Clarín* desde 1958, en 1964 incorporouse *La Razón* como secretario de redacción. En 1962 foille concedido o Premio Nacional Kraft como mellor xornalista de actualidade, catro anos despois publicou un libro no cal transcribía parte das conversas mantidas con Juan Domingo Perón, daquela exiliado en Madrid. Autor de varios poemarios e monografías, entre 1974 e 1987 traballou como correspondente de prensa en España e, actualmente, dirixe un programa semanal na Radio Nacional Clásica da capital arxentina. A súa obra poética con anterioridade á súa participación nos *informes* figura recollida en *Palabra limpia de mí* (Buenos Aires, Editorial Nueva Expresión, 1960) e *La vida continúa* (Buenos Aires, Editorial Goyanarte, 1963).

Tocante ao poema de Varela, escrito en verso libre e mesmo carente de rimas internas, comprobamos que existe un progresivo incremento da intensificación emocional a medida que se avanza na súa lectura, motivo polo cal xulgamos que a composición está configurada como texto climático, resultante dunha tensión ascendente que encontra a súa culminación na derradeira tiraxe de versos.

O seu contido ten motivos fundamentalmente sensoriais e poderiamos clasificala sen dificultade como poesía visionaria. É perceptible desde o inicio da composición unha dualidade entre a suxestión da inacción, subliñada por varias palabras clave (*garúa* [orballo], *melancólica*, *milonga*) e reforzada pola adición do sintagma *otra vez*, que afecta a dimensión temporal provocando unha indeterminación que propicia unha sensación de eternidade. Algo semellante ocorre coa secuencia *melancólica y brava*, na que o termo *brava* ve atenuado o seu sema negativo por mor do efecto intrínseco do adxectivo que o precede.

No entanto, a suxestión da violencia e da represión queda reflectida ás claras polo proceso de identificación semántica que se establece no sintagma *oficina del miedo* e mais o substantivo *matadero*. O contraste acentúase por mor da

polisemia que exhibe a palabra *milonga* (fundamentalmente ligada ao canto e ao baile), ligada no segundo grupo de versos ao adxectivo *cuchillera*. Sería admisible vincular o significado de milonga ao de «rifa, loita» neste caso, o que ofrece unha nova dimensión ao verso *por un tango de harina que no llega*. Subtilmente, Varela ofrece un dobre sentido que aludiría ás dificultades que atravesan os estamentos máis humildes a sociedade porteña e dota o poema dun pano de fondo tinguido de ira que se reflicte no uso de imaxes con carga negativa. Cremos que é significativo desde o punto de vista rítmico o emprego do paralelismo na presentación das imaxes, como queda patente no esquema sintáctico *posesivo + substantivo + frase preposicional* que se repite nesta segunda serie de versos: *tu galaxia de ira* (verso 7), *Tu cruz a fuego lento* (verso 8), *Tu mirada de perro* (verso 9). A noción do abuso, do sufrimento, amósase explícita nos últimos versos deste conxunto: *que así miran / las ciudades, dios mío, si el desprecio las viola / y abate su esplendor y las presenta / a los cuervos envueltas en carnaza.*

A terceira serie iníciase co mesmo dístico que encabezaba a segunda pero, a diferenza da anterior, Varela introduce aqui unha serie de notas positivas a través dun vello tópico literario. A correlación do antedito esquema sintáctico e dos procedementos imaxinativos dá pé a unha figura circular, enmarcada pola identificación da cidade no presente máis inmediato coa idea da corrupción terreal fronte á posibilidade de redención moral, na que latexa a idea de purificación a traves da ascensión espiritual. Son de notar os elementos que sustentan a dita purificación: as pombas (mensaxeiras da paz, mesmo con implicacións relixiosas), o ouro, as albas virxes e as claras auroras, en contraposición cos elementos que manifestan negatividade: os urinarios, a humillación, a baba e o monstro que crece no seu interior.

Así mesmo, convén apuntar unha nova referencia á inacción social; *tachito* é un diminutivo que, de acordo cos modismos porteños, designaría un pequeno reloxo. A expresión metonímica *tachito ya eterno en el potrero* debería ser interpretada como a cantidade de horas sen fin que transcorren nos terreos urbanos sen edificar onde xogan os nenos. A luz vivificadora da alba (*el oro*) é a nota positiva que separa

as longas pausas sen ocupación (laboral ou mesmo académica) das persoas que frecuentan eses terreos.

O cuarto conxunto de versos incide na isotopía de tipo espiritual, que se concreta na oposición da luz (que procede das alturas) fronte aos abismos. A asociación dos poetas—canores cun don divino vén dada pola metáfora *sombras del ala de la gloria*. Como sabemos, o paxaro representa tamén simbolicamente a alma, polo que non ofrece problemas a súa interpretación como elevación do espírito cara ao ceo, outro símbolo de referencias bisémicas. Porén, os poetas citados por Varela son portadores dunha mensaxe redentora *que invita a la patriada*. Este último termo ten especificamente na Arxentina as seguintes acepcións: «Acción custosa e desinteresada» e mais «campaña dun grupo social ou político que se fai invocando a necesidade de salvar a patria». As identificacións metafóricas que pechan esta serie de versos son tópicas: os poetas porteños predican a verdade (*son tus labios*), son dignos de admirar e emular (*tu asombro*) e son audaces (*tu valor*).

Respecto do derradeiro grupo de versos, Varela insire elementos imaxinativos que exhiben unha amálgama de identidades que intercambian as súas substancias. Así, Buenos Aires é *capital dos trigos* (é unha cidade que prospera e dá froitos, pero o trigo é tamén un cereal básico para fabricar o pan, algo que comporta a idea de fartura), *puerto de la esperanza* (punto de partida e tamén lugar de chegada) e *sábana del amor* (alberga calidez e tamén fraternidade). Ademais, cremos que é claramente perceptible o efecto de acougo producido pola condensación semántica e a similitude estrutural dos sintagmas. Anteriormente sinalamos que o subtema da pasividade ou da inacción actúa en diferentes zonas do texto. É reiterado nesta serie final, pero neste caso acompañada dunha chamada á actividade ou, se queremos velo doutra maneira, á axitación social: cómpre actuar para gañar o pan (*por cada golpe tuyo te darán una espiga*), pois a fame só se cura con pan, nunca con boas palabras (*por cada día de hambre, sólo una bendición*).

Por outra banda, a interacción establecida entre os campos semánticos «elementos urbanos» e «espiritualidade» crea

ao longo de todo a composición unha atmosfera eufórica que posibilita unha ascensión, un enlace entre dúas dimensións distintas, cidade e ceo, por riba das miserias da imperfecta condición humana. Esa idea vese reforzada na derradeira serie do poema que nos ocupa pola presenza da preposición *sobre*, a cal ocupa unha posición determinante na frase, de maneira que os elementos disfóricos experimentan unha diminución do seu potencial negativo: *Sobre la bosta, / sobre el pus, / sobre el rebenque, / sobre la confianza ya podrida, / sobre el cadáver mismo de tus sueños, Buenos Aires*.

A composición remata cunha exhortación á cidade de Buenos Aires, isto é, ás súas xentes para que atendan as voces dos elixidos, dos poetas. Convén sinalar que a vinculación coa espiritualidade leva implícita a asociación das voces anxelicais coa febleza dos nenos que habitan os barrios, os seres máis desvalidos, extremo que duplica o imperativo de atención á mensaxe dos poetas: *Desde tus corralones se alza un coro de ángeles.* / [...] *hay un coro de ángeles que dicen: / Escucha a tus poetas, ciudad, habla tu pecho*. Velaí o tema da alegoría que encerra o poema.

ALGUNHAS PROPOSTAS DE CARA AO FUTURO

Podemos dar por concluída a investigación sobre a obra literaria de Lorenzo Varela tras a conmemoración do seu centenario? Honestamente, as posibilidades de encontrar textos líricos inéditos ou esquecidos deste autor semellan actualmente moi reducidas, pero non inexistentes. Por exemplo, é sabido que durante a Guerra Civil, ademais de loitar coas armas na fronte, Varela dedicouse a combater coa pluma nas publicacións destinadas aos soldados republicanos. Non coñecemos a día de hoxe textos en lingua galega da súa autoría entre 1936 e 1939, pero si constatamos a súa participación en diferentes órganos de expresión que teñen como vehículo de expresión o castelán (*Milicia Popular*, *Ahora*, *El Mono Azul*, *Hora de España*...). En agosto de 1938, Varela participou na creación de *Reconquista. Órgano de la 35ª División*, de cuxa publicación temos constancia ata outubro dese

mesmo ano[36]. Non obstante, ata onde nós sabemos, ningún investigador consultou aínda as páxinas desta publicación en particular na procura de colaboracións de carácter literario da autoría de Lorenzo Varela. Por outra banda, tampouco puidemos identificar o tipo de colaboracións que Varela puido remitir aos *Cuadernos de cultura de Cuyo*, publicación na cal sabemos que chegou a participar apenas iniciada a súa estadía como exiliado na capital da Arxentina.[37] E aínda quedaría por facer un estudo exhaustivo doutras cabeceira como La Razón, tarefa que nós, debido ás limitacións que a vida académica e outros factores nos impoñen, non poderemos enfrontar. Polo tanto, agardemos que outros investigadores consigan consultar toda esa documentación e resolver cando menos algunha desas incógnitas aínda pendentes.

[36] Núñez Díaz-Balart, Mirta (1992): *La prensa de guerra en la zona republicana durante la guerra civil española*, vol. III, pp. 1036-1037, Eds. de la Torre, Madrid.

[37] Lafleur, Héctor et alii (2006): *Las revistas literarias argentinas 1893-1967*, páx. 220, Ed. El 8vo. Loco, Buenos Aires.

CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017